

CONVENIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA COA CONSELLERÍA DO MAR PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES E EXTRACURRICULARES DE ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar formalizou coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da sinatura e a súa duración será de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Posibilitar que o alumnado das titulacións impartidas na Universidade da Coruña faga prácticas externas (curriculares e extracurriculares) dentro dos programas de cooperación educativa promovidos pola Consellería do Mar.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería do Mar correspóndenlle as funcións, entre outras, da investigación mariña, que se desenvolverá en coordinación coa consellería competente en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

A Consellería do Mar ten interese en colaborar no sistema de formación do alumnado da Universidade da Coruña, dado que ambas as dúas entidades consideran preciso un maior acercamento entre o ámbito profesional e a universidade, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos/as universitarios/as mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ó mesmo tempo a mellor cualificación e futura adaptación aos postos de traballo demandados polas empresas.

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



O Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), dependente funcionalmente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, exerce as funcións relativas á actividade investigadora e, particularmente, as referidas ás áreas de procesos oceanográficos costeiros, recursos mariños, acuicultura e patoloxía.

O alumnado atoparase nun entorno de traballo exclusivamente investigador, este feito favorecerá a súa formación posto que coñecerá de primeira man como é o día a día na investigación mariña en Galicia. Compartirá horas de laboratorio nas que coñecerá e porá en práctica técnicas de histoloxía, técnicas moleculares, técnicas de reprodución e cultivo de moluscos bivalvos vivos, complementadas cos traballos de campo con saída á toma de mostras, para completar este tipo de actividade aprenderá a planificar unha mostraxe, desde a delimitación das zonas, as ferramentas necesarias para a obtención das mostras, así como o seu manexo e conservación ata as instalacións do CIMA. A formación que recibirá no CIMA é de carácter eminentemente práctica, aínda así disporá do acceso a unha das bibliotecas en materia de bioloxía do recursos mariños vivos máis ampla de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
María de los Ángeles Vázquez Suárez
(*asinado dixitalmente*)

